

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A problemática dos desafiuzamentos está a supor, nestes tempos de dificultade económica extrema, un método de castigo. En primeiro lugar, castígase aos afectados polo despexo, en operacións policiais e deshumanizadoras que mesmo bate co dereito constitucional de toda a cidadanía á vivenda. E, en segundo lugar, perséguese á cidadanía solidaria que, organizada, trata de evitar situacións de inxustiza e persoas e familias enteiras na rúa.

No caso concreto do coñecido como desafiuzamento en Aríns -unha parroquia compostelá-, unidades denominadas antidisturbios do Corpo Nacional de Policía arremeteu contra as xentes pacíficas que se concentraban no lugar en protesta polo despexo. Amais da violencia policial, houbo catro detidos, un deles o propio mediador no conflito autorizado pola familia e a policía. Tal e como se pode comprobar a través de vídeos rexistrados no lugar, os feitos recollidos polo informe policial nada teñen que ver co acontecido. En resposta, máis de 200 persoas autoinculpáronse en apoio dos detidos.

A manipulación destinada a criminalizar os movementos sociais populares é o obxectivo último da actuación policial, neste e noutros casos relacionados coa loita contra os desafiuzamentos. As tácticas represivas do Estado, que intentan reducir a solidariedade cidadá coas vítimas da crise e da ofensiva do capital, inclúen tamén a economía. As multas aos participantes nas protestas multiplícanse e no caso da plataforma Stop Desafiuzamentos especialmente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:

- 1) A solicitar ao Ministerio de Interior unha investigación dos feitos acaecidos durante o desafiuzamento de Aríns, onde a Policía Nacional detivo catro persoas, para esclarecer as responsabilidades en relación á posible falsificación dun informe policial.
- 2) A solicitar datos sobre o número de denuncias policiais sobre activistas antidesafiuzamentos levadas a cabo nos últimos dous anos en Galiza.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Viceportavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 06/02/2015 13:09:29